



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DE GALICIA DUN EPISODIO DE VAGA DE CALOR

DATA DE ENVÍO: 3/09/2026

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: NIVEL 3 (VERMELLO)

A Dirección xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, informa que para mañá **VENRES 4 setembro**, mantense a alerta por episodio de calor nas seguintes zonas isoclimáticas:

Nivel 3 (vermello)

Interior de Pontevedra

Nivel 2 (laranja)

Noroeste A Coruña.

Montaña Ourense

Nivel 1 (amarelo)

Montaña de Lugo.

Valdeorras.

Durante o venres continuará a influencia anticiclónica sobre Galicia. As temperaturas mínimas en lixeiro a moderado ascenso e as máximas en lixeiro ascenso no interior, con descenso na metade norte do territorio. Os ventos soprarán do norte-nordés frouxos en xeral, moderados no litoral norte. Agárdanse temperaturas máximas moi altas no interior e sur da Comunidade. Valores arredor dos 36-39°C.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións, transmitindo e informando a cidadanía que participe en eventos, do tipo que sexa, das medidas de autoprotección que deben adoptar.

SE CHEGAN A DARSE AS PREDICIÓNS, PRODUCÍNDOSE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENCIA DEBERÁ INFORMAR A ESTE CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es